

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Implementación do Esquema Nacional de Seguridade

EXPEDIENTE: 2025/X998/000138

ANTECEDENTES

1. Co fin de establecer uns criterios directivos para un uso seguro dos medios electrónicos deste concello, no seo do Esquema Nacional de Seguridade regulado polo RD 311/2022 de 3 de maio.
2. Sendo os sistemas de información, os elementos básicos para o desenvolver da actividade desta organización.
3. Os sistemas que son utilizados polo persoal de traballo así como terceiros interesados debendo garantir na súa trazabilidade, a seguridade da información tratada.
4. Considerando, por tanto, a necesidade de establecer unhas pautas de regulación mediante normas de cumprimento obrigatorio para todo o persoal municipal, así como terceiros con acceso ó sistema (proveedores, contratistas...).
5. Considerando asímesmo, que o cauce máis áxil e moldeable de xeito inmediato, dada a permanente evolución da administración electrónica en materia de seguridade, podería ser unha instrución u orde de servizo dirixida o persoal e cunha difusión pública.
6. Tendo en conta, que estas medidas, deberán implementarse a medida que se forme o persoal que aplique, dado o seu carácter novedoso desde o punto de vista tecnolóxico.
7. Visto o artigo 6 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, que ampara a aprobación de instrucións ou circulares de servizo que afecten non só ó propio persoal municipal de relación xerárquica, senón tamén a terceiros interesados.

Ó albur das atribucións en materia de xefatura de persoal e cláusula residual, que me confire o artigo 21.1.h) e s) da LBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Instrucións de Uso de Medios Electrónicos e Procedimiento de xestión de requisitos legais, conforme ó Esquema Nacional de Seguridade (o texto íntegro figura no expediente).

SEGUNDO.- Dar traslado das mesmas ós empregados públicos deste concello, para a súa aplicación, debendo remitir ó Secretario da corporación como Delegado de Protección de Datos e Responsable da Seguridade, debidamente suscrito electrónicamente, o Modelo de Aceptación e Compromiso de Cumprimento que figura nas citadas instrucións.



TERCEIRO.- Publicar este decreto e as instrucións anexas no Portal de Transparencia Municipal.

CUARTO.- Dar conta deste decreto no vindeiro pleno ordinario que se celebre.

Así o manda e asina a alcaldesa do que eu, secretario en réxime de acumulación do Concello de Vimianzo, dou fe.

Vimianzo.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(Documento asinado dixitalmente)

O secretario

Francisco Javier Novoa Juiz